

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE MONDARIZ BALNEARIO PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE CONSOLIDACIÓN DA FONTE TRONCOSO, MONDARIZ BALNEARIO (PONTEVEDRA).**

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

María del Carmen Martínez Ínsua, directora xeral de Patrimonio Cultural da consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades,

**DECLARA:**

Que esta dirección xeral de Patrimonio Cultural vai formalizar co concello de Mondariz Balneario, o instrumento conxectivo arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata a completa finalización das obras e, en todo caso, non superior a catro anos.

Que o instrumento conxectivo ten por obxecto: regular as bases de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da súa Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, e o concello de Mondariz Balneario para a posta a disposición dos terreos e inmobles necesarios para a execución das obras de consolidación da Fonte de Troncoso no Concello de Mondariz Balneario, (Pontevedra).

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento conxectivo asinado se fundamenta no seguinte:

A Fonte Troncoso, na marxe do río Tea, no Concello de Mondariz Balneario, é un ben inmueble de notable valor cultural que forma parte do Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia. Trátase dunha fonte de augas mineiro-medicinais de características nitrosas, declarada de utilidade pública o 16 de xuño de 1873, grazas ao labor de Enrique Peinador e Vela. Este manancial está cuberto por unha construción metálica, deseñada polo arquitecto Antonio Palacios en 1907.

O conxunto edificado da fonte, está composto por dous pavillóns deseñados polo arquitecto Antonio Palacios. O devandito pavillón da fonte formado por unha estrutura de piares, tesoiras e porta-varandas e reixas de ferro fundido, apoiado en muros de fábrica de pedra que acoutan o espazo. E o pavillón de embotellado, formado por catro muros de fábrica de pedra de cantería, de planta regular e unha cuberta a catro augas, que orixinalmente foi resolta con unha estrutura de madeira e unha cobertura de tella curva.

Na actualidade todo o conxunto se atopa en mal estado e periga a súa estabilidade e conservación, polo que a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades ten prevista a colaboración coa administración municipal na conservación deste inmueble para garantir a súa transmisión ás xeracións futuras a través do seu uso axeitado e compatible e da



recuperación do seu valor arquitectónico, antropológico e social de xeito que poida de novo estar destinado ao goce estético, espiritual e corporal das persoas que a el se acheguen. Recuperando así a función inmaterial que desde sempre tivo este espazo balneario.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente conxenial.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustifico o recurso á sinatura dun convenio, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.

